

Forma adxectivos cos seguintes sufixos. Soamente hai un correcto para cada palabra: -ento, -oso, -ado, -ivo, -udo.

- a) Vapor_____
- b) Incis_____
- c) var_____
- d) cium_____
- e) admir_____

Identifica os adxectivos intrusos de cada grupo.

- a) Dúas terminacións: alto amable pequena bonito longo curta
- b) Unha terminación: débil diferente hábil elegante intelixente vasto

Marca cal é o grao dos seguintes adxectivos:

- a) azul
- b) máis serio ca
- c) quentísimas
- d) tan alegre coma
- e) o máis agarimoso
- f) menos intenso que

Le estas afirmacións sobre o papel da muller ao longo da historia e complétaas coas palabras que faltan

Grandísimas --- tan... coma --- máis... ca... --- menos... ca...

- a) A historia demostranos que as mulleres son _____ importantes _____ os homes.
- b) Moitas mulleres fixeron _____ achegas nos eidos da ciencia e da tecnoloxía.
- c) As mulleres estiveron _____ invisibilizadas _____ os homes.
- d) As mulleres foron _____ recoñecidas _____ os homes.

Analiza os adxectivos que atopes neste texto:

Exemplo: O becho era tan grande coma min. → grande: adxectivo, unha forma, comparativo de igualdade

Helena abriu os ollos e viu a caricatura máis fea que xamais imaxinara. Era unha cousa alongada e sen cara. Sabía que non debía ter medo, pero era algo tan horrible que non o podía evitar. O espectro era altísimo! Pero, de súpeto, alguén acendeu a luz. Daquela viu que aquela sombra non era nada máis ca o seu can, Ringo, o máis cariñoso do mundo, que viña espertala.

Une con liñas

Bo	Maior
Grande	Menor
Malo	Mellor
pequeno	Peor

Escribe cal é o suxeito destas oracións

- a) Sara tivo pesadelos pola noite → _____
- b) Tras unha mañá de intenso traballo, Xan recolleu todo. → _____
- c) Os nenos xogaban no parque sos. → _____
- d) Fixen un exercicio moi complicado. → _____
- e) A min gústanme as cereixas. → _____

Escribe o predicado destas oracións:

- a) O coche estrelouse contra aquela ponte. → _____
- b) Bebía tanto polas noites que o tiveron que ingresar. → _____
- c) María pechábase no seu cuarto para estudar. → _____
- d) Cantos días non fuches ao colexio? → _____

Preme nas oracións que teñen predicados nominais.

- a) Os estantes do meu cuarto están mal distribuídos.
- b) A tradición taurina non forma parte da nosa cultura.
- c) As avelaíñas voan arredor das luces pola noite.
- d) É moi difícil gardar a compostura.
- e) Colocou un libro debaixo da pata da mesa.
- f) No verán imos á praia todos xuntos.
- g) Xurxo non é moi espelido.
- h) Pola noite están acesas todas as luces desa casa.
- i) Os turistas invaden a costa os veráns.
- j) Parece un profesor moi competente.

Escribe se o complemento resaltado é directo (CD) ou indirecto (CI).

- a) Meteu **o coche** no garaxe. → _____
- b) María escribiu **un correo electrónico** para o profesor. → _____
- c) María escribiu un correo electrónico **para o profesor**. → _____
- d) Trae o vaso da cociña **para Marcos**. → _____
- e) Trae **o vaso** da cociña para Marcos. → _____
- f) Axudamos **aos meus avós** coas vacas. → _____
- g) Axudamos aos meus avós **coas vacas**. → _____

Selecciona o complemento circunstancial presente nestas frases e indica o seu tipo:

- a) Chegarei mañá. → _____
- b) Iremos á túa casa. → _____
- c) Cruzamos amodo. → _____
- d) Gústame ir á praia. → _____
- e) Fíxoo moi rápido. → _____
- f) A obra comezou o mércores pasado. → _____

Escribe i ou ll onde corresponda

- | | |
|----------------|------------|
| a) apare__ador | g) __arda |
| b) apo__ar | h) ove__a |
| c) ma__or | i) fa__ado |
| d) anto__o | j) pa__aso |
| e) mexi__ón | k) pio__o |
| f) ra__o | l) __o__ó |

Escribe os xentilicios destas localidades:

lugar	masculino	feminino
Arzúa		
Cangas		
Betanzos		
Monforte		
Coruña		